

### **As palabras do silencio**

Aquel luns pola tarde, Santiago non era unha cidade, era un océano de auga e paraugas que non paraban de chocar. Eu estaba na Rúa do Vilar, protexido baixo un soportal, cando o vin: un home cunha gabardina empapada, que deixou caer, coma quen non quere a cousa, un sobre amarelo sobre o muro de granito.

Eu non son un heroe, pero a curiosidade é moi perigosa. Cando o home desapareceu na néboa da Quintana, collín o sobre. Dentro non había cartos, nin sequera un mapa do tesouro. O que había era moi diferente. Era unha páxina dun libro de Begoña Caamaño, cunhas indicacións: “Baixo os arcos, onde o tempo se detén”.

O meu “instinto persoal” dicíame que volvese para casa a xogar á Play. Pero as miñas pernas dicían o contrario, así que comecei a pensar a que lugar se podía referir a nota. E finalmente atopei a resposta, eran os Arcos do Palacio. Fun cara alá. Ao chegar, atopei un neno, que tería a mesma idade ca min. O rapaz tiña un caderno nas mans, que semellaba estar desintegrado pola chuvia que continuaba a caer.

- Non deberías estar aquí, Vento de Prata –díxome.
- Como sabes o meu nome? -preguntei un tanto preocupado.
- Sei o teu nome porque es un de nós. Dos que aínda len nas paredes o que outros queren borrar –explicou.

O rapaz pechou o caderno e comezou a explicarme que en Santiago había unha “Garda das palabras”. Xente que se dedicaba a escribir palabras nas paredes, esconder libros baixo os bancos e asegurar que o galego non desaparecese baixo o ruído dos estranxeiros e dos móbiles.

- A literatura non é só unha cousa do colexio. É o que somos. Se se parase de falar galego, Santiago converteríase nun parque temático baleiro - díxome cunha mirada que me fixo sentir pequeno.

De súpeto, apareceu unha patrulla de policía tras a esquina. O rapaz deume o caderno e saíu correndo tan rápido coma o raio. “Gárdao ti, agora é a túa quenda”, berrou antes de desaparecer.

Cheguei á casa empapado, co caderno escondido baixo a suadoiro. Os meus pais preguntáronme porque traía esa cara de susto. Eu non respondín. Subín ata o meu

cuarto, abrín o caderno e vin que as páxinas estaban en branco, agás a primeira, que poñía: “Aquí comeza a túa historia”.

Aquel día non acendín a Play, collín un bolígrafo e escribín. Por primeira vez na miña vida entendín que escribir non é so encher folios por nota. É unha aventura que queima nos dedos.